



## **CIRCULAR 175-2024.** **GALA ANUAL TRAILRUNNING 2024.**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza a Gala Anual do Trailrunning 2024, o día 10 de xaneiro de 2025, a partir das 20:00 horas no Auditorio Casa da Cultura de Bertamiráns, Concello de Ames (A Coruña).

<https://maps.app.goo.gl/U13GWfewTSdxvyGZA>

Art.2).- As premiacións por categorías atendendo ó [Ranking Galego](#) serán as validadas e publicadas a data 31 de decembro de 2024 segundo a seguinte táboa:

Art.2.1 Premios Individuais tempada 2024

- **Top 3** Masculino e Feminino Rankings Vertical, Classic e Maratón
- Primeiro e Primeira clasificados en cada categoría do ranking classic e preclassic desde sub 16 ata máster 65

Art.3).- O prazo de presentación de candidaturas e nominacións para os premios especiais será desde os días 7 a 28 de decembro de 2024 a través do seguinte formulario ( <https://forms.gle/ArjGFDUV1ZKe7Gu48> ).

Art.3.1 É apto/a para presentar candidatura ou nominación propia ou de terceiros todo deportista, xuíz, club, concello ou organizador con actividade federada na especialidade de trailrunning durante a tempada 2024 (Do 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2024 ámbolos dous inclusive).

Art.3.2 Para a nominación ou presentación de candidaturas será necesaria a achega de méritos deportivos, organizativos ou da condición expresa da postulación atendendo ás categorías de atleta, xuiz ou evento.

Art.4).- Os **premios especiais** constarán das seguintes categorías:

- Atleta Feminina máis competitiva
- Atleta Masculino máis competitivo
- Mellor xuíz
- Evento con mellor xestión medioambiental
- Evento con mellor percorrido e a súa integración na contorna
- Evento con mellor xestión informativa, regulamentación e comunicación
- Evento con mellor seguridade e xestión do equipo operativo
- Mellor evento 2024

Art.5).- O xurado do evento estará formado pola Comisión de Trail Running da FGA

Art.6).- Cronograma do evento



**CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

- Acto de presentación e benvida
- Presentación, recapitulación, mellores momentos, eventos e competición tempada 2024
- Premiación mellores deportistas Ranking Galego Trailrunning 2024
- Presentación e lanzamento tempada 2025
- Presentación de candidaturas a premios especiais e entrega de premios.
- Acto de Clausura

A Coruña, a 7 de decembro de 2024

Yolanda González Fernández  
**Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo**